

6 *Entrevista*

O universo en expansión: unha conversa con Xavier Queipo

Martín Veiga
University College Cork

Desde os inicios infantís como lector e a aparición das primeiras mostras da súa produción ata o espallamento internacional da súa obra e os proxectos literarios do futuro máis inmediato, esta conversa afonda no universo creativo de Xavier Queipo. Comeza por esculcar na importancia que os libros de aventuras tiveron na súa formación inicial e na aventura mesma como un dos motivos que alcanzan todos os recantos da súa obra, partindo do inaugural *Ártico e outros mares*, o libro de relatos co que en 1990 irrompeu no mundo literario galego, ata chegar a *Extramunde*, ata o de hoxe a súa derradeira novela, publicada en 2011. A entrevista indaga tamén nos xeitos nos que a integración de Queipo nun ámbito vital presidido pola convivencia dunha multiplicidade de manifestacións culturais e lingüísticas, como é a cidade de Bruxelas, determina a súa actitude aberta en relación coa diversidade, o cosmopolitismo e a comprensión da diferenza. A través dalgunhas das iniciativas artísticas e dos eventos nos que participa como dinámico axente cultural, a lingua galega asenta, a carón doutras moitas, como unha tesela máis no complexo mosaico identitario e idiomático que conforma a capital europea. De por parte, ao longo da entrevista ocúpase Queipo de desvelar os mecanismos que rexen a súa concepción da escrita e os protocolos que caracterizan a súa entrega a un proxecto creativo de índole non soamente individual, como amosa a relevancia que lle concede á dimensión colectiva dalgunhas das actividades nas que se adoita involucrar. Ademais, profunda nas claves centrais da súa obra e en aspectos que se confirman como definitorios do seu discurso, tales como a recorrente presenza da viaxe e o tránsito, o emprego constante do léxico e dos paradigmas da ciencia, e a paixón polos artificios da fabulación. A conversa remata cunha serie de consideracións sobre a situación actual da literatura galega e a visibilidade exterior da nosa cultura, así como sobre o papel fulcral que desempeña a tradución nestes contextos, tendo en conta que a actividade intelectual do autor inclúe unha interesante faceta tradutora, como demonstra, entre outros proxectos, a súa participación no proxecto colectivo de

tradución da primeira versión galega íntegra de *Ulysses*, do novelista irlandés James Joyce, que se publicou recentemente.

Durante varias semanas no transcurso do outono de 2013, Xavier Queipo implicouse con xenerosidade nas súas respostas e reflexións, dando como resultado unha conversa que abrangue a amplitude de intereses culturais, rexistros literarios e preocupacións cívicas desenvolvidos polo escritor ao longo dunha carreira marcada pola curiosidade intelectual, a procura da orixinalidade, o pulo creativo.

A fascinación pola aventura como evasión e coñecemento

MV: Por que non comezar polo principio? Como foron os primeiros contactos de Xavier Queipo coa literatura? A pregunta refírese tanto a posibles lecturas iniciáticas como aos primeiros pasos tentativos no eido da escrita.

XQ: Comecei a ler aos tres anos e o primeiro libro que trae a memoria é *Aladino e a lámpada marabillosa*, en castelán e cun Aladino ben estraño, pois vestía sombreiro de palla cónico como eses que se adoitan usar no sueste asiático. O libro estivo perdido moitos anos. Hai cinco atopeino outra vez e non puiden impedir unha emoción romántica. A partir dos tres anos xa non recordo ningunha etapa da miña vida na que non lera dun xeito autónomo, con menor ou maior intensidade.

A escribir comecei tamén moi novo. O primeiro poema está rexistrado aos doce anos e foi publicado na revista do colexio onde eu facía secundaria. O primeiro premio recibino cando tiña dezaseis anos por unha obra de teatro. Cando comecei a escribir, nos anos 60, o ensino era 100% en castelán e daquela os primeiros traballos foron en castelán. Só cando cheguei ao último ano de bacharelato lin algunhas cousas en galego, que, por certo, foron agasallo do meu pai, que veu en min unha certa curiosidade intelectual pola lingua de noso.

A partir dos dezaseis, renunciei a escribir en castelán e pasei unha longa tempada ágrafa ou con pequenas incursións nos fanzines que daquela se facían en Compostela como *Valiundiez*, *Para todos os públicos*, *Das Capital* e *Trilateral*. Só cando emigrei en 1989 comecei a escribir regularmente en galego, por necesidade psicolóxica de identificación nunha cidade onde atopei unha cacofonía de linguas inaudita.

MV: Considera entón que foi a súa unha infancia lectora? Había presenza de libros na casa ou precedentes literarios na contorna máis inmediata, no ámbito familiar, que determinasen, ou polo menos influísen, o desenvolvemento da súa vocación literaria?

XQ: Na casa non había libros. O meu pai lía o xornal todos os días e nai procuraba estar ao día das vidas dos famosos e a realeza, nos poucos momentos de solaz de que dispuña. Os dous contaban moi ben os contos infantís, que repetían como agasallo antes de írmonos durmir. E logo no verán estaban as tías avoas, que na hora da sesta versionaban contos en italiano ou en francés, que non era senón mudando os *a* por *i* ou *e*, segundo o caso. Abenzoadas sexan, pois, sen sabelo ou á mantenta (nunca acertei a discernir), abriron as nosas fronteiras á fantasía e a diversidade.

Xa dende novo manifestei unha preferencia lectora e os meus pais non foron alleos ás miñas querenzas, cousa que sempre lles agradecín. A miña foi certamente unha infancia lectora, pois lía e relía nos libros que pai e nai me agasallaban nas ocasións sinaladas. Cheguei a ter unha colección

importante de libros de aventuras que publicaba a editorial Molino de Barcelona, metade texto metade banda deseñada. Non podo dicir cantas veces lin *Robinson Crusoe*, *Ivanhoe* ou *As aventuras do capitán Singleton*, mais se cada non baixan de trinta cada un. Supoño que iso marcou o meu gusto pola literatura de aventuras. Era un xeito, como ben se pode entender, de se evadir a un mundo fantástico no interior dunha sociedade miserable.

MV: En relación coa función esencial que os libros de aventuras exerceron na conformación do seu imaxinario, coida que o ronsel da influencia daquelas lecturas de infancia ecoa en obras como ‘O paso do Noroeste’ (1996), ‘Malaria sentimental’ (1999) e ‘Extramunde’ (2011)?

XQ: Certamente pódese facer unha lectura das tres novelas que cita como novelas de aventuras, mais coido que hai outras lecturas posibles. N’*O paso do Noroeste* hai un trasfondo de loita entre dous mundos e os valores éticos que representan, o da tradición do Antigo Réxime confrontada ao valor da razón, representada polos enciclopedistas e o seu soño dunha sociedade nova. En *Malaria sentimental* hai unha relativización do amor, que se entende como un ataque de malaria, cos seus altos e baixos, mais tamén hai un confronto entre dous mundos, o dos guerrilleiros khmer e a súa lóxica e o do científico occidental que viaxa a Cambodja para estudar un ecosistema. Nesa novela hai trazas por suposto de *Corazón da escuridade*, de Joseph Conrad (magnífica a tradución de Manuel Outeiriño, *by the way*) e do filme *Apocalypse Now*, de Francis Ford Coppola, mais tamén de *Le poisson-escorpion*, de Nicolas Bouvier, de *La vorágine*, de José Eustasio Rivera e dalgunha novela de Graham Greene. Esas referencias pódense considerar anecdóticas, superficiais, pois o importante é o conflito interior, o outro é paisaxe ou ambientación, se o prefire. *Extramunde* presenta tamén unha dicotomía, un confronto entre dous mundos ou dúas ideoloxías, o da superstición inquisitorial e o da liberdade daqueles que emprenden un periplo de descuberta doutros mundos. Esa é unha lectura, mais como na totalidade das miñas novelas hai varios niveis de lectura posibles, todos eles válidos.

MV: A presenza da aventura tamén se percibe en títulos como ‘A viaxe de Baldassare’, de Amin Maalouf e ‘Tifón’, de Joseph Conrad, que vostede traduciu ao galego. Pódese inducir, xa que logo, que os relatos de aventuras seguen a lle proporcionar un pracer singular como lector, escritor e tradutor? Cales serían as claves desa fascinación?

XQ: Enlazando coa resposta anterior e ao fío tamén da pregunta anterior, as novelas de aventuras constituíron e constitúen aínda unha parte importante das miñas lecturas, pois non só me divirten senón que adoitán ampliar o meu coñecemento de xeografía, de botánica, de zooloxía, de oceanografía e navegación e de antropoloxía cultural. Coñecementos estes que me axudan a entender o mundo dun xeito holístico ao tempo que me fornecen de claves para desvendar algúns misterios da evolución da especie humana. Endemais afástanme da realidade esmagadora de todos os días, do cotián, do rixido, do triste. Non falo só de aventuras clásicas, acontecidas no pasado, senón de aventuras actuais e mesmo de aventuras futuristas, como as novelas de ciencia ficción. O pracer de co-traducir o periplo de Baldassare ou *Tifón* é que estas traducións foron o corolario de lecturas felices dos orixinais desas obras. O abraio está na descuberta, no camiño para acadar ese mundo descoñecido, na exploración intelectual do mundo.

MV: Eu penso que esa actitude aberta ante a aventura como fonte de coñecemento pero tamén de evasión resulta evidente na súa obra literaria xa desde os comezos. Que significación tivo a publicación do seu primeiro libro 'Ártico e outros mares' en 1990? Ollando cara a atrás, xa con certa perspectiva temporal, como lembra aquela época inicial?

XQ: A publicación foi unha casualidade. Eu tiña un mando de historias (chamarlles contos sería arriscado nalgúns casos). Foi entón cando llos dei a ler a Xelís de Toro, que naquela altura vivía en Compostela, antes de emigrar a Londres. En 1990 montou Edicións Positivas con Paco Macías. Pareceullles de interese e dixéronme se o quería publicar. Lembro que o meu pai levava o libro a Sotelo Blanco, onde tamén se interesaran polos textos, mais eu xa tiña un compromiso con Positivas e como parte da miña educación aprendéranme a respectar os compromisos, e así foi. Fíxome moita ilusión publicar, pois levaba anos de exercicios de estilo, de ensaios en varias direccións e agora aquelas arelas de publicar materializábanse á primeira ocasión. Foi unha inxección anímica como poucas.

MV: A pesar de que vivía xa en Bruxelas canda a publicación deste libro, mantiña naqueles anos amizade con outras escritoras e escritores ou participaba nalgunha medida na vida cultural galega? Como retrataría aquel tempo, vital e literariamente?

XQ: Foi unha xeira magnífica dende moitos puntos de vista. Eu traballaba de bolseiro en Vigo dende 1986, no Instituto de Investigacións Mariñas, e viña de comezar un proxecto de vida que felizmente aínda dura co meu compañeiro. En Galiza non tiña moitas perspectivas de medrar profesionalmente. Mandeí o CV a Bruxelas e chamáronme para unha entrevista. Dous meses despois, no Nadal de 1988, recibín un telegrama (si, eran outros tempos) convidándome a me incorporar ao traballo en xaneiro de 1989. Foi así que en febreiro de 1989, logo de conseguir un mes de adiamento para me despedir dos meus, aparecín por Bruxelas.

En Galiza deixei algúns amigos que se iniciaban na literatura como Xelís de Toro ou Arturo L. Regueiro, na xestión cultural como Anxo Rabuñal ou no deseño gráfico como Fausto Isorna, mais non se pode dicir que estivese integrado na vida cultural mais que como espectador.

MV: O libro foi moi ben acollido pola crítica galega e mesmo recibiu o Premio da Crítica española. Afectou esta recepción dalgunha maneira á súa relación co feito literario tal e como o concibía con anterioridade á súa publicación?

XQ: Entereime do Premio da Crítica no avión que me levaba a Bruxelas logo dunha estadía en Galiza. Tiven pena, pois é un premio sen celebración ningunha, sen acto de entrega nin outra dimensión mediática, agás o anuncio da concesión. Nese sentido foi algo depresivo. Eu era premio da crítica mais ninguén o sabía e ninguén me coñecía. Custou traballo convencer aos meus de que era algo importante.

O premio foi concedido en abril de 1991 e a primeira entrevista para un medio informativo foi en 1999 –por certo, fíxoma Diego Ameixeiras cando traballaba para o xornal *El Mundo*–, pois ao non estar inserido en ningunha corrente ou grupo de escritores e vivir de xeito permanente fóra do país non considerei que fose oportuno nin sinxelo ter unha dimensión pública.

O premio mudou a miña vida no senso de reafirmar que o que estaba escribindo tiña interese. Daquela seguí a escribir coa mesma intensidade,

mais agora xa con intención de publicar. O feito de estar fóra do país presentou xa dende o comezo aspectos positivos e negativos. Entre os positivos, permitíume e permíteme unha independencia maior e, entre os negativos, fai que non participe máis que esporadicamente nos actos literarios no país.

A crítica recibíuno ben, todo hai que dicir, mais molestáballes un pouco non coñecer persoalmente o autor, non ter unha fotografía, non ser quen de recoñecelo na rúa. Mesmo especularon coa idea de que fose outro autor o que escribira aquel texto baixo pseudónimo. Molestoulles, con certeza.

MV: 'Ártico e outros mares' é unha obra claramente narrativa pero que incorpora formas, rexistros e xéneros diversos –a ficción, o ensaio de divulgación científica, as imaxes–, aspectos que se converterán en recorrentes en obras posteriores. Seguía algún modelo literario consciente ao comezo da súa carreira literaria? Poderíase falar dalgunha influencia, fose de autoras e autores específicos ou dalgún xénero concreto, que se revelasen durante estes anos de formación e se confirmasen logo como presenzas fundamentais na súa obra?

XQ: Dende o inicio vinme a min mesmo como escritor, como xeneralista, non como narrador, dramaturgo ou poeta. Non creo, por certo, nese tipo de especialización. Xa dixen que os meus inicios foran na poesía e no teatro, que por certo teño experimentado pouco.

A miña formación científica, que implica un xeito de estruturar o traballo ben específico, seguindo o método hipotético dedutivo, se cadra tivo e ten moito que ver aínda nesa curiosidade pola investigación, pola innovación, por explorar camiños non trillados. Se cadra onde mellor me sinto é na narrativa, talvez polas miñas lecturas ou porque sexa o tipo de escrita que me ten dado maiores satisfaccións. Non é un segredo que os creadores precisamos alimentar o ego con sensacións positivas. A poesía deume moitas satisfaccións, mais todas elas fóra do meu país.

Se falamos de autores que eu recoñezo que me teñen influenciado están Italo Calvino, Alejo Carpentier, Francisco Coloane, Julio Cortázar, Mia Couto, Álvaro Cunqueiro... José Eustasio Rivera, Olivier Rolin, Rumi... Severo Sarduy, Stendhal, William Shakespeare..., podería seguir ata un centenar pois a miña curiosidade –felizmente– non coñece límites.

MV: Recentemente revisitou 'Ártico e outros mares' para publicar unha segunda edición revisada e considerablemente ampliada que incorpora moitos cambios, incluído o novo título de 'Ártico 2.0' e unha reordenación da disposición das fotografías. Máis que dunha nova edición, case habería que falar dunha nova versión da obra. Concorda con esta valoración? Que motivou unha intervención tan radical?

XQ: Comezarei pola motivación, que foi estética e de oportunidade. Galaxia ofreceume en 2010 a posibilidade de reeditar Ártico e aceptei o reto, mais para iso non podía ofrecer o mesmo produto, por varias razóns: a) Había na versión orixinal erros tipográficos, ortográficos e mesmo de documentación que cumpría eliminar; b) Os lectores de Ártico requirían un agasallo extra, que se concretou nunha serie de relatos novos que seguiran o ronsel dos outros xa presentes na primeira edición; c) As fotos precisaban unha ordeñación distinta e non tanto un amoreamento na fin do libro; e finalmente d) Quería deixar o texto pechado, finalizado, dicir: 'O libro está acabado, é este e punto'. Tamén houbo unha razón sentimental como foi a celebración do 20 aniversario da publicación de Ártico, unha especie de maioría de

idade do libro e de maioría de idade de min mesmo como escritor. O libro non perdeu frescura nin ritmo, non perdeu tampouco o estilo que o levou a ser premiado nin tan sequera a oportunidade. Permítelle a aqueles que non puideron ler a primeira edición —que levaba anos, senón fóra de catálogo, si de difícil acceso— descubrir un camiño na escrita non moi transitado na literatura galega e, para aqueles que leran a primeira edición, xa dixeran, a oportunidade de reler textos coñecidos e o agasallo de textos novos. Se cadra repito a experiencia con outros libros como *Ringside*, agora fóra de catálogo e que eu sigo considerando un libro de interese. É un proxecto, mais como sempre na vida cómpre ter varios ao tempo, para mitigar as frustracións potenciais.

Un ámbito multicultural e plurilingüístico

MV: Aínda que afirma que de rapaz escribiu algún texto en castelán, a escrita da súa obra literaria desenvólvese integramente en galego. Aféctalle dalgún modo como escritor a distancia e a falla de contacto directo co galego como lingua de creación?

XQ: Non lle quito razón, pois nos primeiros anos da estadía en Bruxelas sentía ese afastamento do que fala, mais esa realidade ficou atrás xa hai uns anos. Teño a sorte de falar en galego todos os días, pois é a lingua da casa e das miñas relacións máis íntimas. Endemais, agora a emigración non é como hai uns anos, pois podemos estar en contacto permanente coa realidade do país a través dos medios ou das redes sociais. É certo que non estou presente na vida cultural do país, e ben que o sinto moitas veces, mais lecturas e uso da lingua non me faltan, xa digo, de xeito diario.

MV: Aludía antes á ‘cacofonía de linguas inaudita’ existente en Bruxelas. Coida que o feito de vivir e traballar desde hai tantos anos nun ambiente multilingüe mudou a súa apreciación do valor intrínseco das linguas en xeral e o vencello co seu propio idioma?

XQ: Bruxelas está dividida en dezasete comunas ou pequenos concellos. No meu, Ixelles / Elsene, están rexistradas máis dun cento de linguas, pois amais das linguas oficiais da Unión Europea, hai moita xente africana e asiática que falan lingala, kikongo, turco, afgán, kurdo, vietnamita, cantonés, mandarín, árabe, urdú, pastún, bengalí, etc., por non falar do ruso e das linguas da antiga URSS, como azarí, xeorxiano, usbeco, moldavo, etc. Unha auténtica cacofonía, como xa dixeran. Nese contexto o galego adquiriu para min unha marca especial, unha calidade de identificación. Iso fixo que, xa dende o inicio da miña estadía en 1989, decidira utilizalo como lingua de uso e de escrita, para reafirmar a identidade. A iso axudou que a miña parella me turrase das orellas, mais dispensará que non entre en intimidades.

MV: En Bruxelas participa en iniciativas artísticas e literarias que se caracterizan polo seu espírito aberto, inclusivo, multicultural e plurilingüístico, como o Colectivo de Poetas de Bruxelas. Como se integra o galego neste ámbito?

XQ: O colectivo foi creado á mantenta para celebrar esa variedade lingüística. Por exemplo, *A Constitución Europea dos Poetas*, que, por certo, foi finalista do Premio do Libro Europeo en 2009, está redactada orixinalmente en máis de vinte linguas. O libro foi traducido e publicado en francés, neerlandés e inglés, mais existe unha edición orixinal, tamén publicada, onde cada

anaco está na lingua na que foi orixinalmente escrito. Presentei o proxecto á Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia para a súa tradución integral ao galego, mais eles teñen outras angueiras menos internacionalistas. Podo dicir, con certo orgullo, que todas as miñas intervencións no colectivo, ao que pertenzo dende que se creou en 2007, foron, son e serán en galego. Eu leo os meus poemas en galego e as traducións ao francés e ao neerlandés, e ás veces tamén ao inglés, aparecen ben en follas voantes que se reparten entre os asistentes ou ben na pantalla que se sitúa detrás miña cando falo. Nos teatros máis importantes de Bruxelas, incluído La Monnaie, o teatro da ópera da cidade, soou, nalgúns deles se cadra por primeira vez, a lingua galega. Na Grand Place de Bruxelas, obxectivo turístico de primeira orde, estivo exposto dúas semanas un poema meu en galego ('Fluxo e mutabilidade', incluído na escolma antolóxica da miña obra que se presenta nesta revista) coas súas correspondentes traducións ás linguas francas da cidade. Noutra ocasión houbo paneis de 4x4 metros en galego na Praza da Monnaie...

Amais do colectivo, comezamos o ano pasado unha serie de recitais poéticos que se denominan RPM (que vai por Recitais Poéticos Multilingües e por Revolucións Por Minuto). O primeiro adicámolo a Rosalía de Castro, na Livraria Galego-Portuguesa Orfeu, e foi un gusto escoitar a Rosalía en xaponés, en turco, en alemán, en inglés, en neerlandés, en portugués, en francés, en castelán e, por suposto, en galego. Logo fixemos outro no Instituto Cervantes arredor da figura de Lorca, e aí, outra vez, soaron os poemas de Lorca en todas esas linguas das que falei antes, ao tempo que fixemos publicidade dos seus poemas galegos, que nin todos coñecían.

MV: Nos seus libros abonda a presenza de palabras, expresións, diálogos ou versos escritos noutras linguas que causan un efecto de estrañamento seguramente deliberado, procurado. Nunha nota ás traducións ao galego dos fragmentos noutras linguas incluídos en 'Ringside' apuntou que o seu emprego respondía a motivos estéticos. Podería profundar un pouco máis no sentido desta práctica?

XQ: Profundar, profundar, non sei se serei quen, mais podo contar a miña realidade, que é a que condiciona, coido eu, este uso doutros rexistros lingüísticos que trufan, ás veces, a miña escrita. En latín existe unha frase moi coñecida, atribuída a Cicerón, que reza así: *Ubi bene, ibi patria* ('O lugar onde me atopo ben, velaí a patria'). Se, como dicía Fernando Pessoa, a patria é a lingua, daquela ao combinar as dúas frases, poderíase dicir que a lingua onde me atopo ben é a miña lingua.

Eu falo regularmente cinco linguas, case a diario teño que utilizarlas por cuestións de traballo e son quen de ler textos non moi complexos en tres linguas máis, que non practico moito, a verdade. Daquela, vivir nesa mestura de linguas, entre as que falo e as que escoito, é o meu xeito cotián de vivir. Como reflexo desa realidade, na escrita, de tanto en tanto (non hai que esaxerar), utilizo expresións noutras linguas, moitas veces para reafirmar a sonoridade dunha frase ou para resaltar ou marcar unha verba específica, que actúa como identificadora de orixe, de clase, de contorno, etc.

Cando falei en *Ringside* de motivos estéticos, estes teñen que ver particularmente co ritmo, pois doulle unha gran importancia ao ritmo do texto. Tanto é así, que ás veces cheguei a recomendar nalgúns textos que fosen lidos, de preferencia, en alta voz. Isto ocorre, por exemplo, no relato 'Soño laranxa', incluído n'*Os ciclos do bambú*, que, por certo, mestura o galego co

urdú, o italiano, o chinés, o bengalí, o grego, etc. Certo que ese gusto por outras linguas actúa, dalgún xeito, como marca de estilo, mais isto non é orixinal, pois o mesmo facían, aínda que doutro xeito, con outra intensidade e se cadra con outras intencións, Carpentier, Cortázar ou Joyce, por poñer o exemplo de tres escritores que frecuente.

MV: Ademais da importancia do ritmo e da cadencia, coido que na súa obra, quizais de forma máis visible na poesía, a oralidade acada unha entidade particular. Mesmo algún poema, como por exemplo ‘Dos inventarios de Adán’, incluído en ‘Nos dominios de Leviatán’ (2001), presenta esa mesma recomendación de ler o poema en voz alta. Trátase tamén dun xeito de vencellar as calidades sonoras intrínsecas das palabras coas posibilidades performativas do texto?

XQ: En francés diríase *bien trouvé*. Certo é que o ritmo e a cadencia das palabras constitúen parte fundamental da miña obra. Adoito escribir con música de fondo, de preferencia jazz, e iso condiciona o ritmo, certamente. En canto á oralidade, algúns textos, non só de poesía, xorden cando estou falando só, cando por algún mecanismo interno comezo o recitado dunhas liñas, das que anoto non só o texto senón tamén o ritmo. Iso adoita acontecer cando estou camiñando, unha das miñas ocupacións favoritas. A lectura en alta voz axuda a levar mellor a soidade, é como unha especie de recitado que mellora a comprensión do texto, que daquela non entra só polos ollos, senón tamén polos ouvidos. Dá matices que a lectura en silencio non permite. Pode resultar cansado, mais a lectura en alta voz axuda á comprensión do texto. Non sei se é oralidade, como vostede di, ou simplemente é un xeito de incrementar a capacidade cognitiva do texto. É algo que eu practico con textos propios para fixar o ritmo e con textos alleos para incrementar a percepción do que estou lendo.

MV: Polo que comentaba antes das súas actividades literarias en Bruxelas, semella que foi quen de contribuír á creación de espazos de intercambio e colaboración cultural nos que non escasean as oportunidades de participar en recitais. Ademais das lecturas privadas –en voz alta ou en silencio– ás que fai referencia, pensa que a lectura da súa obra fronte a unha audiencia pode incidir retrospectivamente dalgunha maneira sobre o texto en si ou sobre a súa percepción do texto como autor?

XQ: A lectura da miña obra en galego tivo dúas consecuencias inmediatas: que o galego se escoitase como lingua diferenciada na capital de Europa e que a miña poesía fose escoitada por un público diverso, mais que apreciaba a miña obra en pé de igualdade cun mando de poetas ben máis coñecidos ca min.

En canto á interacción, serviu para me dar confianza, para me convencer de que o que estaba facendo era comprendido, apreciado e valorado positivamente. É verdade que eu non tiña, e case non teño, experiencia en recitais poéticos en Galiza, por razón do meu afastamento, mais isto dáme pulos para me pór calquera día fronte ao público galego sabendo que o que eu presente non vai desmerecer. Esa foi a mellor retroalimentación, a da seguridade, tan importante para confrontar o público.

MV: En moitos casos séguese a pensar na figura do escritor como alguén que leva a cabo o seu traballo en soidade e de forma individual, mais o certo é que vostede participa en moitas actividades en colaboración con outros artistas. Como valora estas iniciativas no seo da súa produción?

XQ: É verdade que, maiormente, a obra dun escritor é un empeño solitario.

Mais hai que rachar con apriorismos e así teño colaborado con artistas plásticos (Isaac Pérez Vicente, Manuel Sarasquete), con fotógrafos (Cé Tomé, Maribel Longueira), con músicos / dj (Doc Manhattan), con escritas a catro mans (Fátima Rodríguez), ou mesmo en textos colectivos (*O cráneo de Castelao*, con varios autores lusófonos procedentes de Galiza, Cabo Verde, Portugal, Brasil e Timor). A creación colectiva a dez mans co Colectivo de Poetas de Bruxelas foi outra experiencia especial, pois non só mesturamos os nosos versos, senón que estes estaban orixinalmente escritos en varias linguas. Sempre foron experiencias enriquecedoras, cando menos esa é a miña percepción, e en todos os casos deuse unha sinerxía e non o sometemento dun artista a outro. Aprendín moito a partillar ideas, a modelar vontades, a administrar egos, a ser xeneroso e a recibir a xenerosidade doutros. Non é un lugar común, realmente apréndese moito. Dun xeito tamén o par de cursos de microliteratura que impartín no Carballiño e mais en Betanzos foron experiencias de aprendizaxe. Ver como mozos e mozas, estimulados convenientemente, son quen de producir textos a partir dun modelo orixinal, ou facer os seus propios haikus, foi realmente unha descuberta existencial.

A xeometría variable da escrita

MV: Hai autoras e autores para quen a escrita presenta un poder liberatorio ou redentor, mesmo curativo ou terapéutico, mentres que para outros simplemente consiste nunha práctica cotiá que se desenvolve con naturalidade e non conta cun valor simbólico engadido por riba doutras actividades. Como concibe Queipo a escrita? Que representa na súa vida o acto de escribir?

XQ: Eu adoito dicir que escribo para aforrar o psicanalista. Coido que non estou errado, pois, polo de agora, para min a escrita é unha experiencia liberadora que, en xeral, exerce un efecto balsámico sobre o meu temperamento, nin sempre equilibrado. Escribo dende hai unha morea de anos, case desde que era aínda un neno, e considéroo un luxo e unha condena ao mesmo tempo. O do luxo, xa o expliquei, é a conciencia de exercer unha actividade liberadora. O da condena é a outra cara da moeda, cando non podes deixar de escribir, cando sentes a necesidade mesmo física de poñerte ao choio, cando renuncias a outras experiencias e á compañía dos máis próximos. Teño a sorte de ter outra profesión, que poderíamos chamar alimenticia, que me fornece da estabilidade económica e social para non ter que depender da escrita, para non ter que escribir por necesidade ou por encargo, para pagar as contas. Iso é unha sorte, pois non teño que pechar un texto nunha data fixa, nin escribir o que o meu xefe ou o meu editor queren que escriba. Iso debe ser terrible para un creador, para un artista, sexa este poeta ou cineasta, fotógrafo ou escultor.

MV: Resúltalle difícil dar un texto por rematado? Regresa moito sobre as súas páxinas para corrixir, emendar, reescribir? Como sabe cando está por fin acabado? E unha vez concluído, segue algún tipo de ritual?

XQ: Non podería dar unha resposta única. Nalgúns casos, como en *Papaventos*, deseguida sentín que o libro estaba rematado, aínda que hoxe, con outra perspectiva e outro distanciamento, poida pensar de xeito diferente. Había unha historia que estaba contada e non quedaban moitos fíos soltos. Noutros casos como *Dragona*, novela colaxe e novela dalgún xeito

anticipativa, esa sensación foi outra. Levoume unha ducia de anos de versións e reviravoltas, de tallar aquí e aumentar alá, de ensarillar a historia, que en realidade eran moitas historias, e de lles dar unha certa forma, pois xa digo que é unha colaxe. Coido eu que a novela non foi ben recibida e mesmo foi desprezada por algúns aspirantes a críticos, se cadra porque non contaban con ese xeito de narrar, porque gustaban de historias máis precoñadas ou a consideraban politicamente incorrecta para os seus lectores potenciais, que xa sabemos que durante dúas décadas foron os alumnos de secundaria, con todas as servidumes que isto implicou e aínda implica.

Non teño rituais específicos, coma se de pór o ramo a unha obra se tratase, simplemente dou por pechado o cartafol e procuro non regresar a el nos próximos meses. Se non sinto esa necesidade de regresar é que a obra está rematada. Ás veces non é así, e un soño, unha lectura doutro texto, unha observación ou un comentario fan que retome o texto, o que tampouco me anoixa moito, xa que, como dixen, non teño presións externas para rematar nunha data precisa.

MV: Confíalle a lectura dun novo texto a persoas da súa confianza durante o proceso de creación ou nalgún momento anterior á súa publicación?

XQ: Non sempre, mais as veces que o fixen aprendín moito e a experiencia resultou positiva. Eu teño o ego que teño, por iso escribo e non paso as veladas no sofá a ver series de TV ou partidos de fútbol, mais son consciente de que cando levas moito tempo mergullado nun texto pasas por riba das palabras e non as ves, non consegues detectar erros de ritmo ou de gramática, pequenas contradicións ou debilidades argumentais. Cada vez esíxese máis, o que non é mau, mais temos un sector da crítica que é moi ruín, que pode despachar unha novela con dous adxectivos ou atopar intolerable este ou aquel lusismo. Se a xente le as dedicatorias dos meus libros, nalgúns casos aparecen os nomes das persoas que fixeron a primeira lectura crítica. Adoitan ser persoas do meu contorno coas que teño unha relación especial, de xeito que posúen a liberdade total para criticar do *a* ao *z* sen que eu reaccione negativamente.

MV: Sente aínda unha emoción especial ao publicar unha nova obra ou xa non lle concede particular importancia ao acontecemento, despois de tantos libros? Unha vez que un novo libro está na rúa, celebra a súa aparición dalgún xeito especial?

XQ: A idea de que teño moitos libros non me gusta. Coas horas que lle levo dedicado, cos proxectos que teño abertos e que non chegaron aínda ao seu remate, coido que teño poucos libros, pois o meu universo está felizmente en expansión. Cada novo libro é para min un acontecemento especial e dalgún modo este sentimento incrementouse de xeito exponencial, pois como saberá as posibilidades de publicación minguaron nos últimos anos.

Non son dado a grandes celebracións ou cando menos non son dado a exteriorizalas, pois considéroas parte da miña vida privada. A miña maior celebración é entregarlle o novo libro como agasallo aos seres máis queridos para compensalos minimamente polo meu afastamento, para dicir dalgún xeito, cando non estaba tal ou cal día, cando decidín illarme varios días ou non prestei a atención que merecías, estaba facendo isto, velaquí.

Procuro presentar os libros aos lectores cando as circunstancias así o permiten, nalgunha viaxe a Galiza, o que polo meu afastamento xeográfico non é coa frecuencia que eu desexaría.

MV: Abofé que non suxiro que escribise demasiados libros, mais si me parece que, desde a publicación da súa primeira obra en 1990, mantivo un ritmo sostido de publicacións ata acadar neste momento xa máis dunha vintena de obras individuais de creación. Desde logo, iso esixe moita dedicación e entrega. Considera que o seu proxecto literario foi adquirindo maiores ambicións e expectativas a medida que se foi consolidando?

XQ: Non o tomei a mal, simplemente quería sobresaír que aínda me queda moito no tinteiro, moito que producir e que presentar diante do público. E non falo só de textos publicados, senón a outros niveis, como a *performance* que mestura texto, música e imaxe, que xa experimentei en varias ocasións, concretamente en Galiza arredor do ano 2000, co espectáculo *Unha noite con Carpentier*, e aquí en Bruxelas a partir de 2007, en varias ocasións. Polo de agora, a última entrega foi en Compostela e Vigo en 2011 co espectáculo *O embigo do mundo / Il umbilico del mondo*, como Colectivo Río Lagares, que comparto co dj, fotógrafo e vj Cé Tomé (*aka* Doc Manhattan). É un aspecto pouco coñecido da miña obra, pois en realidade é sempre unha obra colectiva, que non me importaría desenvolver máis no futuro, cando teña algo máis de tempo.

O meu proxecto literario non ten máis límites que os biolóxicos, o que eu poida durar con estado de ánimo bastante para tirar para adiante, para seguir experimentando. Iso esixe entusiasmo mesturado cunhas pingas de autocritica, ilusión cun *pizzicato* de modestia, traballo cunha pequena dose de distanciamento, dedicación cun chisco de tolicie... ou sexa, todos aqueles ingredientes que distinguen a un artista dun cidadán sen inquietudes culturais.

MV: Retomando esta idea da dimensión colectiva do traballo, outra experiencia, desta volta no terreo poético, foi a súa participación como co-antólogo na escolma de poesía galega en tradución catalá 'Poets gallecs d'avui' (2008). Como valora o seu papel nesta publicación?

XQ: A experiencia foi fantástica, polo feito de como xurdiu nunha viaxe en barco nos canais de Toulouse, de ter como co-antóloga a Fátima Rodríguez, daquela profesora en Toulouse e agora en Brest, e de utilizar un método científico para a súa elaboración, o que nós chamamos 'A escolla entrópica', onde, sen apriorismos, fixemos a selección ao azar, modificado pola presenza dos catro poetas que estabamos en Toulouse. A min gústanme moito as antoloxías, pois permiten unha visión instantánea e de conxunto, e coido que quedou ben polo empeño que puxo Manuel Costa-Pau como tradutor. Consequimos, ademais, un equilibrio entre homes e mulleres, poetas recoñecidos e poetas menos coñecidos, estilos diferentes, xeracións mesturadas: Ana Romaní, Fátima Rodríguez, Gonzalo Navaza, Lois Pereiro, Manuel Outeiriño, Manuel Rivas, Marga do Val, María do Cebreiro, María Xosé Queizán, Marta Dacosta, Úrsula Heinze, Vicente Araguas, Xabier Paz, Xosé Antón Pérez Bouzas e eu mesmo. Unha foto (hai outras posibles) da poesía galega para os lectores cataláns.

MV: E por suposto, ademais da súa obra individual, participou en varios volumes de autoría colectiva que partiron de motivacións moi diversas. Que títulos salientaría dentro desta faceta da súa produción?

XQ: Teño unha chea de colaboracións en volumes colectivos. A experiencia é diversa, pois pese a que eu sempre presente traballos orixinais, porque coido que o público o merece, non todos os colegas son da mesma opinión.

Pola súa relevancia política salientaría *Berra liberdade*, coordinado por Suso de Toro, que estaba escrito a prol de Amnistía Internacional; a colaboración con Xurxo Lobato en *No país do Nunca Máis*, por ter a sorte de compartir experiencia co poeta uruguaio Mario Benedetti; e, por sobre todos eles, *The European Constitution in Verse / La constitution européenne en vers / De Europese grondwet in verzen*, escrita con 52 poetas a partir dunha idea orixinal do Colectivo de Poetas de Bruxelas, onde compartín o traballo con Seamus Heaney, Peter Kantor, Antonio Gamoneda, Louise Rosengreen, Aleš Šteger, Kader Sevinç, David van Reybrouck, Geert van Istendael, Laurence Vielle, Fabio Scotto, Jacques Darras, Francis Dannemark...

MV: Malia que a resposta se poida deducir en parte das súas declaracións anteriores, ten habitualmente varios proxectos literarios en marcha ao mesmo tempo ou céntrase na escrita dun único libro ata que o remata?

XQ: Sempre teño varias vías de traballo abertas, se cadra esta é unha característica do meu xeito de escribir e de vivir, que non é linear senón que presenta unha xeometría variable, ás veces mesmo labiríntica. Entro e saio nas historias, nos poemas, nas reflexións. Podo ter tres días haiku e un par de días barrocos, momentos poéticos salferindo tempadas adicadas á tradución ou á revisión de textos, noites iluminadas por un soño que fai que me erga do leito e me poña a escribir ou a anotar palabras soltas. É coma se vivise nunha entropía permanente, mais hai un instante, nun día *x*, que de súpeto aparece un punto de inflexión, unha catástrofe no xeito en que as definía o matemático René Thom na súa teoría das catástrofes e, nese instante preciso, sen que eu saiba nin como nin por que, unha historia colle carreira e xa é imparabile, e así aparece unha liña de traballo principal que se deseña con poucas interrupcións. Pasoume hai pouco con *Extramunde*, que fun escribindo aos poucos ata que un día xa non puider adialo máis e regresaba a cotío á cabeza de tigre ou ao barco dos tolos, ás selvas de Borneo ou ás costas de Madagascar.

MV: O novelista español Javier Marías ten manifestado que el escribe con compás e non con mapa, é dicir, que cando comeza un relato non sabe con total exactitude o que vai atopar e onde vai rematar, mentres que aqueles que escriben con mapa xa saben cara a onde se dirixe o relato e mesmo coñecen a súa conclusión no momento da escrita. Como definiría o seu achegamento a este respecto?

XQ: Pola resposta anterior supoño que se percibiría que escribo cun mapa en varias dimensións, nunha especie de nebulosa na que as partículas (os textos) seguen o principio de indeterminación de Heisenberg, o mesmo que rexe as reaccións moleculares. Entropía, desorde, cambio de estado, nova orde, e todo iso seguindo as leis da termodinámica ou da dinámica de fluídos. En realidade, ás veces, dáme a impresión de que estou escribindo un só texto, unha única obra, unha cosmogonía onde cada libro ou entrega forma parte dun todo, como naquel conto de Borges, onde o tamaño do mapa era igual ao tamaño do territorio.

Eu saín ao mundo sen instrucións e cada texto, cada poema, cada artigo de opinión, cada diálogo, forma parte dunha peza deste crebacabezas para intentar entender o mundo, darlle un sentido á vida, avanzar –non sempre linearmente– na comprensión da propia existencia e do universo. Mais cada vez semella que o obxectivo está máis afastado, que o que incrementa é o tamaño da miña ignorancia, a cegueira polo exceso de luz ou de

datos. Por iso dicía antes que teño publicados poucos libros, pois o meu universo interno está aínda en expansión e polo tanto preciso de seguir escribindo para avanzar no coñecemento, nesta especie de labor de Sísifo (neste caso, diría de Sísifo feliz, pois gozo co que fago).

MV: En canto á recepción da súa obra, escribe a pensar nunha lectora ou lector ideal ou trátase dun factor que non ten en consideración á hora de enfrentarse á escrita?

XQ: Onte tiven a oportunidade de escoitar ler os seus poemas a un poeta brasileiro, Ricardo Domeneck. Estivemos falando unha chisca e daquela díxome algo que me fixo pensar: 'Você sabe, esses textos que se lêem no liceu, depois resultam sempre aborrecidos, por isso eu detestei tantos anos a Jorge Amado, a Saramago, a Camões ou a Luis Fernando Verissimo?'

A meirande parte dos meus textos, non é un segredo, tiveron pouca visibilidade nos institutos de secundaria, onde durante vinte anos se crearon os lectores que agora son ou non son. Non sei cales foron os motivos nin quero remoer neles, alá cadaquén co que recomendou e co que non. O que nun momento vin como un problema, agora véxoo como unha oportunidade, pois cando menos non os aborrecín, non fixen que odiaran os meus textos, que venderan os libros ao peso para pagar o botellón en canto tiveron a oportunidade de se desfacer daqueles textos.

Os meus lectores, pois, foron e serán sempre lectores libres e autónomos, que escollen os meus libros porque si e non porque lles veñan impostos. Algúns tardarán anos en dar con eles, e outros non chegarán a coñecelos nunca, mais eu viverei feliz, pois sei que os que se acheguen para me dar os parabéns ou para comentar un meu libro é porque o leron con interese, gustoulles ou non, que esa é fariña doutro muíño, produciu neles unha corrente ou un abraio, un conforto balsámico ou unha revolución interior.

MV: Hai novelas que nacen dunha imaxe, dun intre percibido como esencial, que encapsula a cerna do relato e a partir do que este medra e se desenvolve. Outras basean a súa xénese na relevancia dunha historia ou na presenza capital dun personaxe. Albisca un paradigma no xermolar das súas novelas ou a súa escrita respondeu a impulsos diferentes?

XQ: Direi que ningún dos meus libros xurdiu como resultado dunha reflexión sobre a comenencia de abordar un tema específico para acceder a un lector potencial a quen contentar. Ese tipo de enxeñaría literaria practícanla cada vez máis escritores (galegos e non galegos, non é eiva especial nosa) nos que o tema prima sobre o estilo, nos que o xénero prima sobre a literatura, onde o importante é non complicar o texto, mais transmitir unha serie de ideas, as máis das veces compracentes, para acadar que tal ou cal colectivo se sinta identificado (coa súa cidade, co seu pobo, coa súa problemática específica), para que logo merquen o seu libro e o celebren con premios e honras varias. Mais isto pasa tamén no cinema ou na música, pois é característica derivada do modelo capitalista de concentración de capital, de consumo en masa e dalgún xeito de concentración de ideas e gusto nun canon do politicamente correcto.

Dixen escritores mais tería que falar de amanuenses, pois non practican o trinomio I+D+I (Investigación+Desenvolvemento+Innovación), non exploran novos camiños, non arriscan creando unha verba ou aliterando unha frase, non procuran metáforas asustadoras, non remoer na lingua, senón que aplican vellas fórmulas para todo uso, de preferencia cun

vocabulario sinxelo e limitado para que os seus libros sexan para todos os públicos. Son profesionais da camuflaxe, mais non son creadores literarios, senón, xa dixen, habelenciosos amanuenses.

En tránsito permanente

MV: Con respecto precisamente á exploración de novos camiños, María Xesús Nogueira empregou as palabras 'Orixinalidade e risco' para titular unha recensión do seu libro 'Glosarios' (2004). Aceptaría unha definición da súa obra presidida por estes dous conceptos? Hai algúns outros que lle gustaría engadir?

XQ: Non coñezo a María Xesús mais a fe que atinou de vez. A súa análise e a súa definición deron coa cerna do meu traballo. Como creador teño a obriga do risco, de avanzar propostas, de investigar, de ter fe no que fago aínda que non estea de moda, aínda que non sexa unha novela policial ou un opúsculo sobre a Guerra Civil española no ano da memoria, temas que por certo non desboto, mais que non constitúen materia de interese en toda lingua, lugar ou idade só porque estean de moda.

A orixinalidade é outra cousa, é algo ao que tendemos todos os artistas e que ás veces non é senón manifestación da nosa ignorancia. Cando escribín os meus poemas glosario non sabía que o poeta belga Frank de Crits facía algo semellante en neerlandés, entre outras cousas porque non domino a lingua de Hugo Claus e porque el escribiunos catro anos antes de eu coñecelo. Ou cando escribín algúns relatos, non sabía que relatos de corte semellante xa foran experimentados por Thomas Bernhard ou polo mesmísimo Carlos Casares n'*Os escuros soños de Clío*. Outras veces, os ignorantes son os outros, que pensan que son orixinais, cando ti, ese escritor galego descoñecido, xa o fixeches con anterioridade. En breve, a orixinalidade é unha necesidade existencial, aínda que ás veces coidemos que é orixinal o que xa foi experimentado. Mais aínda así, como non podemos saber todo o que se escribiu no mundo en todo tempo e lugar, en toda lingua e idade, o importante é o intento, a pescuda, a investigación, a renovación / revolución permanente e non o conformismo do que atopa a galiña dos ovos de ouro e repite mil veces a mesma fórmula.

MV: Tanto na súa obra narrativa como na poética desenvólvese unha interacción tan estreita e reiterada coas nocións de viaxe, tránsito e movemento que moitos dos seus libros teñen sido interpretados como verdadeiras narrativas de mobilidade. Concorda con este punto de vista?

XQ: Vivimos nun universo en expansión e iso é algo que me fascina ata o límite do abraio. Vivimos tamén nun mundo en mutación onde cada día aparecen e desaparecen non só milleiros de persoas, senón novas especies, mais tamén evolucionan os comportamentos e a tecnoloxía que os sustenta, onde non hai unha orde establecida e inmutable, senón unha entropía que o abrangue todo, que precede con certeza a futuros cambios no ecosistema. Non hai nada fixo, nin as ideas nin as persoas, nin as sociedades nin o medio ambiente. Mesmo obxectos que nos poidan semellar inmutables modifican a súa relación co tempo e co espazo. Algúns destes cambios son bruscos e outros insidiosos, mais Heráclito tiña se cadra razón cando falaba de que todo muda e nada permanece, e eu engadiría que vivimos no tránsito permanente, que hoxe non somos os mesmos que onte ou que mañá. Pensando

así, lóxico é que lle dedique tanta atención ás viaxes (no espazo, no tempo, na percepción) e ao movemento (de persoas, de ideas, de partículas).

MV: Moitas escritoras e escritores de literatura de viaxes utilizan as súas experiencias vivenciais directas para a escrita de textos non fictivos, mentres que na súa obra predominan os relatos de viaxe que, aínda que se orixinen en experiencias reais, semellan atravesar o poderoso filtro da imaxinación ou enmarcárense claramente no contexto da ficción. Pensou algunha vez en escribir un libro de viaxes non ficticio baseado nalgunha das súas múltiples andainas viaxeiras?

XQ: Pode ser. De feito teño escrito algunhas colaboracións a xeito de crónicas de viaxe, que foron aparecendo estes últimos anos na revista *Grial* e que describen curtas estadias en cidades visitadas (Sidney, Funchal, Ankara, Berlín, Angra do Heroísmo, Torino...). Considerei agrupalas nun volume, con abundancia de material gráfico, mais os editores cos que falei non mostraron interese polo custo do proxecto e ausencia de masa crítica de lectores. Poida que no futuro insista na idea, ben de agrupar as crónicas, ben de escribir un libro de viaxes, mais agora non o vexo como proxecto a curto prazo. Viaxo moito, as máis das veces por asuntos de traballo, mais son estadias curtas que non dan para un coñecemento profundo do medio. Terei, pois, que esperar a xubilación se quero facer un libro de viaxes.

MV: Mágoa que non houbera vontade de publicar ese volume, pois as crónicas de viaxe publicadas na sección 'Carta de...' da revista 'Grial' constitúen un corpus textual sen dúbida moi interesante. Por outra banda, xa que falamos de cuestións de viaxe, no ensaio 'Literatura en viaxe' glosa un libro no que Vanni Beltrami define as claves da esencia da viaxe ('camiñar, ver, sentir, recordar'), accións que vostede identifica co traballo do escritor ('avanzar, observar, experimentar, recrear'). Pódese dicir que son estes fundamentos os que alicerzan a súa idea da literatura?

XQ: Haberá que pensalo outra vez, darlle outro enfoque, pensar se cadra en presentalo a unha editora máis pequena, investigar a posibilidade de autopublicación cando cumpra a idade do retiro. Quen sabe?

Cando falei de Beltrami, pensaba nos puntos cardinais da escrita, nas fontes de inspiración, nos cinco tigres que na mitoloxía oriental sosteñen o universo no norte, sur, leste, oeste e centro: en escoitar, en ver, en soñar e ler, e con todo iso escribir. Pódese entender tamén, como xa dixen, en avanzar, observar, experimentar e recrear, pois avanzamos na vida, observamos o que acontece, experimentamos sensacións e vivimos a vida que logo recreamos na escrita. A min, por exemplo, pasáronme moitas cousas: estiven no centro dun furacán en Terranova, vin nevar no Ártico no mes de agosto, estiven a piques de perder a vida nun par de ocasións, fixen o servizo militar na lexión branca, negocieei en organismos internacionais eu só representando toda a Europa comunitaria, naveguei en navíos de guerra de varios países, estiven na selva de Indochina, falei na Universidade da Habana dun autor alí prohibido, baixei en helicóptero para negociar entre bandos confrontados. E todo iso é o que chamo experimentar, no senso de ser parte da acción. Todo iso, amais das lecturas, dos soños e da formación científica, constitúen o meu acervo, que me vai servindo como alicerce para comunicar sensacións e pensamentos. Dicía Severo Sarduy que 'la escritura es el arte de descomponer un orden y componer un desorden'. Pois ben, niso consiste a miña escrita, en procurar o que Cortázar chamaba 'el otro lado' ou o que Muñoz Molina definiu como 'the way not taken'. Explorar, sempre explorar.

MV: Outro trazo característico da súa obra é o emprego do léxico da ciencia e mesmo de paradigmas propios do discurso científico con fins estéticos. Entre moitos exemplos que se poderían citar salientan algúns dos poemas de ‘Glosarios’ ou ‘As leis do caos: Fluxo e mutabilidade’, que citou antes. Para alén de constituír a súa formación académica principal, que lugar ocupa a ciencia no seu proxecto literario?

XQ: Sen sacralizar a ciencia, eu enténdoa non só como unha ferramenta, senón como un modo de pensar, como un método. Conceptualmente a mecánica cuántica, a teoría de fluídos, as relacións tróficas no ecosistema, a álgebra de Boole, a teoría das catástrofes, a dinámica das poboacións, a termodinámica, etc., son fonte inesgotable de reflexión, de procura, de diversión aínda. Dende o punto de vista estético, permítenme xogos formais e xogos léxicos que outros autores se cadra non teñen no seu acervo. Iso non me fai nin mellor nin peor escritor, mais é certo que constitúe unha característica que, lonxe de rexeitar, cultivo con dedicación e con interese crecentes. A ciencia é, pois, parte fundamental, sobranceira, diría eu, do meu discurso literario.

MV: A ciencia, en especial a bioloxía, tamén figura de maneira evidente nos textos que vostede mesmo denomina ‘microensaíos’, recollidos en libros como ‘Contornos. Apuntes de filosofía natural’ (1995) e ‘Mundiño’s (1996). Coida que os intersticios que, ás veces, se abren no discurso factual da ciencia facilitan a exploración dos lindeiros entre a realidade científica ou histórica e os dominios da imaxinación, como acontece con frecuencia nestes textos?

XQ: Diría que teño unha forte imprimación científica, por formación e por lecturas, que descoñezo os lindes entre ciencias humanas e ciencias sociais e que isto se reflicte, claramente, na miña escrita. Non é a primeira vez que escribo un poema baseado nun traballo científico, como aconteceu coa miña contribución ao Proxecto Neuston (‘Árbore de atúns’, baseado no artigo científico titulado ‘Use of mtDNA Direct Polymerase Chain Reaction (PCR) Sequencing and PCR-Restriction Fragment Length Polymorphism Methodologies in Species Identification of Canned Tuna’, de Carme Sotelo) ou logo de visitar a colección de cunchas do Oceanário de Lisboa. Son aventuras, expansións imaxinativas a partir da realidade científica, onde recreo e ás veces critico algunhas achegas científicas, como nos casos apuntados de *Contornos* e *Mundiños*. Estas exploracións non finaron en 1996, pois tiña máis entregas preparadas para ser publicadas, mais os editores galegos non atopan lugar nas súas coleccións para os meus textos.

Contornos coñeceu unha tradución ao francés en 2011 por Vincent Ozanam baixo o título de *Chroniques animalières. Notes de philosophie naturelle*. Paradoxos do país, o texto foi mellor acollido en francés do que fora en galego, tanto pola crítica, na revista literaria *Le Matricule des Anges*, de Montpellier, como por estudantes de literatura da Universidade de Brest, onde tiveron a oportunidade de presentalo, ou no debate sobre ciencia e literatura organizado por Entrez Lire, en Bruxelas.

MV: A presenza da natureza e dos espazos naturais ten gran protagonismo na súa obra, sobre todo na poesía. Considera que posúe unha capacidade de percepción do mundo natural máis aguda grazas á súa formación científica? Ou basea a formulación literaria da natureza en criterios fundamentalmente estéticos?

XQ: Eu son un neno de cidade —aínda que Compostela fose unha cidade pequena— que pasaba longas tempadas na aldea, que coñecía como

ninguén cada pedra, cada rego, cada corga do seu contorno próximo. Polo meu carácter introvertido, pasei innúmeras horas no monte ou na veiga explorando a natureza, colectando animais ou plantas, facendo experimentos de resistencia acuática cos insectos, torneos entre animais, enxertos inauditos, mesmo transplantes de órganos... Dese desaforado interese naturalista, pasei a unha deriva ecoloxista cando adolescente. Son o *yin* e o *yang* do meu contacto coa natureza da que aprendín tantas cousas: a loita pola subsistencia, a violencia máis fría, os ciclos das estacións, o lento decorrer das idades... Asimilado todo ese coñecemento e ordenado co estudo de textos clásicos, levoume a unha sensibilidade filosófica moi ligada á natureza e ás súas mutacións. Lóxico é, pois, que utilice esa aprendizaxe no meu discurso literario, sexa este en prosa ou en verso. Son o mesmo neno sensible e abraiado, o mesmo frío e violento, mais modelado agora polo coñecemento, polo estudo sistemático, pola observación atenta, pola reflexión pausada.

MV: Xa que fala das descubertas da infancia, outra faceta da súa produción é a escrita de literatura dirixida ao lectorado infantil e xuvenil. Encáraa de xeito distinto que os textos concibidos para adultos ou considéraa unha manifestación máis da súa paixón fabuladora?

XQ: Non vou dicir aquilo de que non existe literatura para nenos, mais eu non fago explicitamente ese tipo de literatura para seres con menor entendemento. Eu escribo, teño unha factoría de textos, e acontece que, ás veces, eses textos acáenlle ben ás xeracións máis novas de lectores, mais non o vexo de antemán como unha escrita diferenciada. Non teño fillos, mais xa teño dúas sobriñas netas, amais dos fillos dos amigos, e sempre me dei boa maña para lles contar contos, propios ou alleos. Pódese entender, pois, como vostede comenta, como unha faceta máis da paixón fabuladora.

MV: ‘A illa dos cangrexos violinistas’ (2009), un dos varios libros que escribiu para o público máis novo, foi traducido a varias linguas. A que se debe a extraordinaria difusión internacional desta obra?

XQ: Hei dicir que o mérito todo é da editorial OQO, que apostou de principio polas versións galega e castelá e que, vendo que o conto interesaba, publicou as versións en francés e portugués e investiu en vender os dereitos en italiano. Por certo, as versións que mellor funcionaron foron a italiana, na que foi finalista do Premio Soligatto, e a versión en castelán, que foi tamén finalista, non lembro agora de que premio.

O das traducións é un azar ou o investimento da editorial para vender os dereitos fóra. As editoras de libro infantil van máis avanzadas que as outras neste eido da venda dos dereitos. Eu non entendo de mercados, mais se cadra é máis sinxelo ou hai máis demanda de libros, escritores e deseñadores novos. Tamén se cadra é máis doado pola extensión e polo baixo custo da tradución.

MV: As ilustracións que Jesús Cisneros creou para este libro amosan unha potencia lírica e unha delicadeza particularmente evocadora. Podería detallar como se desenvolveu a interacción artística entre o ilustrador e o autor do texto?

XQ: As ilustracións de Jesús Cisneros son espléndidas e iso contribuíu en gran maneira ao éxito e difusión do libro. Diso son plenamente consciente. O meu contacto con el foi indirecto, por mediación da editora. Fixen un par de suxestións e todo correu moi ben, pois se partiu do respecto mutuo entre artistas. Eu non soportaría que el mudase o meu texto e daquela eu non

fixen máis que iso, un par de apuntamentos, con todo o respecto do mundo. Coido que funcionou ben.

MV: En ‘Cartas marcadas’ (2010) ofrece as claves fundamentais do seu pensamento literario. Eu, que fun seguindo as cartas a medida que se publicaban na rede, vexo agora este volume como unha extensa e meditada autopoética, de obrigada lectura para calquera persoa interesada na súa obra. No contexto da súa produción, como valora este libro de reflexións sobre a experiencia da literatura?

XQ: En primeiro lugar, grazas por ter seguido a publicación. *Cartas marcadas* é un libro importante na miña obra. É verdade que quedaron moitos temas no tinteiro e aínda hoxe conservo materiais para algunhas outras entregas, pois o libro non é un ensaio sobre o que eu penso do feito literario, senón unha colección dalgúñas opinións sobre temas tan dispares como os que amosan títulos tales como ‘Escrita e enoloxía’, ‘A importancia das primeiras liñas’, ‘Ensaio sobre a relectura’, ‘Literatura en viaxe’ ou ‘A arte de desaconsellar (un libro)’. Escribino seguindo un método que podería chamar de azar modificado. Collía unha media ducia de libros ao chou dos andeis da biblioteca e con iso intentaba reflexionar sobre un tema literario específico. Ás veces empregaba eses libros e outras non, mais o que facía era escoller un parágrafo de cada un deles como *raw material* e con eses vimbios construía o cesto. Xuntei así a reflexión coa creatividade e sobre todo paseino moi ben facendo ese exercicio. O libro completouse cunha serie de entradas no blog de Galaxia, unha diaria durante un mes. Para aqueles que consideren o libro de mérito, recomendo ler esas contribucións, que actúan como lectura complementaria ao libro, que dan novas pistas ou sorprenden –a min mesmo, o primeiro– polo emprego de asociacións conceptuais pouco transitadas.

Proxección exterior e visibilidade

MV: Os volumes compilatorios das crónicas radiofónicas que recollen as súas colaboracións no programa ‘Diario Cultural’ da Radio Galega, ‘Caderno da Revolución Cultural’ (2007) e ‘Felices e diferentes’ (2009), son libros que nacen dunha clara vontade de intervención pública nos debates sociais de actualidade. Gustaría de retomar a actividade radiofónica ou incluso de reconducir cara a outros formatos esta súa participación como axente activo na construción dunha opinión pública máis alá do estritamente literario?

XQ: Certamente aproveitei a oportunidade que me brindou Ana Romaní para facer unha crónica cultural que se emitía semanalmente no programa *Diario Cultural* da Radio Galega. Foron dous anos de intervención pública no eido cultural, dende Bruxelas, achegando unha visión do mundo dende o exterior. Ex-céntrica no senso de afastada do centro. Falei de cinema, de libros, de axitación cultural, de danza, de exposicións... intentando abrir unha fiestra ao mundo exterior, mais sen esquecer a realidade cultural galega. Logo de dous anos deixei o meu posto coa esperanza de que algún escritor máis novo tomase o relevo, e así llo comuniquéi a Ana Romaní. Por azares da vida e da política, isto coincidiu co retorno ao poder en Galiza do Partido Popular, que suprimiu as contribucións dos elementos non afíns ao réxime e así finou o conto.

O traballo non me deixa tempo libre e coido que non estaría en disposición de poder colaborar de xeito regular nun programa radiofónico nin

nun medio de comunicación escrito, en papel ou na rede. Fíxeno regularmente en *Vieiros*, n' *A Nosa Terra*, en *Sermos Galiza*... mais nin teño o mesmo tempo nin os mesmos anos.

MV: Falaba ao principio da nosa conversa da relativa independencia da que goza como escritor por vivir fóra do ámbito cultural galego e agora alude a esa visión afastada do centro. En canto á actualidade literaria, como ve a situación da literatura galega hoxe? Segue desde lonxe a aparición de novidades editoriais, de novas voces, discursos e tendencias? Hai algún proxecto ou algunha poética que desexe subliñar como fenómenos especialmente interesantes, mesmo ilusionantes?

XQ: Podo falar con optimismo, pois coído que temos unha xeración de autores que andan nos trinta e tal anos, que manexan o galego, o material co que se fai a literatura galega, moito mellor que a xente da miña xeración ou de xeracións precedentes que foran educados máis en castelán que en galego. Que se ben moitos deles tiñan o galego como lingua dominante na casa, no traballo, entendían a fala do seu val ou da súa bisbarra como patrón e tiñan unha aproximación anárquica tanto ao léxico como á gramática. Do que se está a facer agora en Galiza teño noticia polos amigos, sobre todo poetas. Eu dei o meu grupo de dez poetas favoritos no blog 'As escollas electivas'.

Cada ano leo unha boa media ducia de libros en galego, case sempre de prosa, teño que recoñecer, e sempre intercalados con libros noutras linguas. Nunca seguín as novidades nin en galego nin en ningunha outra lingua, deixándome levar máis polo azar modificado que pola planificación. Actúo por impulsos (*Gran tiburón branco*, de Samuel Solleiro), por referencias (*Monbars o Exterminador*, de Hixinio Puentes), por intuición (*A noite branca*, de Francisco Fernández Naval), por oportunidade (*Bícame, Frank*, de Miguel Anxo Fernández), por curiosidade (*Os xornalistas utópicos*, de Manolo Veiga), por interese (*As lavandas adaptanse a todo erro de navegación*, de Ramón Neto). Ás veces releo, mais case sempre o texto seleccionado é *Se o vello Sinbad volvese ás illas*, de Cunqueiro.

MV: En relación coa proxección exterior da literatura galega, máis alá de iniciativas concretas como as que vostede mesmo desenvolve co colectivo en Bruxelas, pensa que se poderían aplicar medidas que afortalasen a visibilidade da literatura galega no exterior? Ou considera de maior urxencia reformular os parámetros da súa visibilidade no propio seo do sistema?

XQ: En Galiza vivimos no seo dunha sociedade duplicada. Dous sistemas culturais que se repelen ou se ignoran por razóns que van máis alá da cultura e teñen a ver coa política. Iso reflíctese nas lecturas que se partillan os seus cidadáns. Gaña o castelán por goleada (85%-15%). É verdade que hai que mudar os parámetros, mais non teño a fórmula para tirar para adiante. Se cadra apostar aínda máis pola calidade dos textos publicados e apostar pola tradución sistemática ao castelán deses textos por editoras galegas. Se convencemos os lectores en castelán de que somos bos escritores, se cadra se aventuran a lernos en galego. En calquera caso, se se senten identificados co que escribimos poida que nos lean en castelán e se sintan orgullosos de que sexamos parte do mesmo país galego. A iniciativa, que xa existe na literatura para nenos (OQO, Kalandraka), podería ter un efecto multiplicador. Non se trata de traducir a Pondal e a Curros, enténdaseme ben, senón de apostar polos vivos, aqueles que poden participar nunha presentación ou nun recital, nunha lectura pública ou nunha entrevista nos medios.

Falando de proxección exterior a min gústame o concepto de acupuntura cultural, é dicir, incidir en puntos concretos e estimular aí o coñecemento da nosa lingua e da nosa cultura. Iso evitaría dispersións e paus de cego e favorecería as sinerxías e o efecto multiplicador. Ese labor correspóndelle ao Consello da Cultura Galega, mais tamén a editoras e axentes culturais. Cómpre planificar os esforzos en lugares onde exista unha receptividade maior. Por exemplo, Bruxelas é unha cidade cosmopolita e ávida de contactos con outras culturas. Outros lugares poderían ser São Paulo ou Lisboa. Pensei un proxecto no eixo Istambul / Compostela, considerando o carácter xeograficamente extremo das dúas cidades, a posibilidade dunha fertilización cruzada das culturas, e mesmo a oportunidade de termos agora un voo directo entre Compostela e Istambul, mais os editores cos que contactei non viron o interese, e iso que os compañeiros turcos poñían facilidades para a coedición. Non todo o mundo ten as mesmas percepcións nin vou criticar a outros porque non partillen o meu entusiasmo. Agora reconducín o proxecto no eixo Istambul / Bruxelas, que é unha antoloxía de poetas turcos en neerlandés e de poetas que vivimos en Bruxelas en turco.

MV: A súa obra foi traducida a linguas como o portugués, francés, italiano, castelán e inglés. Ademais, como xa comentamos antes, vostede tamén traduciu ao galego varias obras e continúa a colaborar en proxectos importantes neste campo, entre os cales arestora destaca a súa participación na primeira tradución íntegra á nosa lingua de 'Ulysses', de James Joyce. Na súa experiencia dupla como autor traducido e como tradutor, pensa que a tradución se valora coa relevancia que merece en relación co proceso de recepción da literatura doutros eidos por parte do sistema literario galego e en canto á proxección da literatura galega no exterior?

XQ: Traducir é un exercicio saudable para calquera escritor. Axuda a espeluxar os labirintos internos da escrita. Axuda tamén a procurar opcións na propia lingua, a explorar camiños non transitados. Neste sentido é recomendable para a formación de calquera escritor.

O tradutor debe actuar como facilitador, no mesmo senso que actúan as proteínas que se encontran na membrana celular, que permiten que unha substancia atravesese a membrana e entre na célula receptora para ser aproveitada. O mesmo se podería aplicar a un texto. Coido que fica claro, mesmo coa simplificación, mais esta é unha entrevista e non un tratado de dinámica de textos.

Estase facendo un traballo de mérito coas traducións ao galego, mais a relación non é biunívoca. O vector contrario, o da tradución a outras linguas de textos galegos leva unha deriva anárquica. Nós partimos dun hándicap importante, o número de lectores e, xa que logo, o número de exemplares vendidos. Unha editorial italiana, turca, inglesa ou chinesa non vai investir nun autor que vendeu no máximo 1000 ou 1500 exemplares dun libro. Hai ademais unha dificultade técnica na carencia dunha masa crítica de tradutores con experiencia que o poidan facer a partir do galego. As máis das veces traballan a partir da edición en castelán se ela existe, estea publicada ou non.

As traducións conséguense as máis das veces por amizade, tantas veces carnal, polo entusiasmo de editores foráneos, particularmente de pequenas editoras, e mesmo por traballar o escritor nun medio de comunicación en castelán. O paso difícil é conseguir a tradución ao castelán por unha editora potente, que permita abrir a posibilidade doutras linguas. Isto leva á reflexión que facía antes sobre a publicación simultánea dos textos en galego e castelán por editoras galegas.

MV: Como se desenvolveron os procesos de tradución dos seus libros a outras linguas? Colabora normalmente coas persoas que traducen a súa obra ou supervisa dalgún xeito o seu labor? Ou, pola contra, confía no seu criterio e outórgalles total liberdade de actuación?

XQ: Agás no caso de OQO con *A illa dos cangrexos violinistas* e de Edicións Positivas coa primeira tradución ao portugués de *Ártico*, que foron apostas xestionadas polas propias editoriais, as demais traducións chegaron por contactos persoais con editores, case sempre con editoras pequenas e entusiastas, que recoñecen a calidade do texto e non miran para o nivel de vendas que o libro ten na edición orixinal. Iso vai seguir sendo así, pois é unha materia pendente das nosas editoriais maiores, que pouco ou nada invisten en proxectar os seus autores no exterior.

MV: Na súa opinión como lector e tradutor, cal é o libro que sería preciso verter ao galego con carácter de urxencia, o que lle gustaría ler na nosa lingua? De por parte, hai algunha obra pola que sinta auténtica devoción e que quixera ter escrito?

XQ: Non son moi de dar consellos, pois eu non teño unha editorial nin arrisco os cartos publicando tal ou cal libro, vaia isto por diante. Tampouco teño formación como crítico literario nin pretendo adoutrinar a ninguén co meu gusto. Eu mesmo detesto que me digan: 'Tes que ler isto'. Mais se escoller puidese, gustaríame que se traducise *Brief Interviews with Hideous Men*, de David Foster Wallace e *The Last Song of Dusk*, de Siddharth Dhanvant Shanghvi. Outros autores como Timothy Mo, Wallace Stevens, Ben Okri... non sei, os andeis das librarías están inzados de autores espléndidos que non escriben necesariamente best-séllers.

En canto á segunda parte, eu admiro moitos libros e a moitos escritores. Non me tería desgustado escribir *Canaima*, de Rómulo Gallegos, *Se o vello Sinbad volve á illas*, de Cunqueiro, por descontado, *Los cuentos de la selva*, de Horacio Quiroga, *Vie secrète*, de Pascal Quignard, *The Pope's Rhinoceros*, de Lawrence Norfolk, *Cobra*, de Severo Sarduy... hai tantos. Mais se me tivese que quedar con un, se cadra, sería *The Malay Archipelago*, de Alfred Russel Wallace, polo que tivo que vivir para poder escribilo, pola paixón naturalista que destila cada páxina, polo moito que nel aprendín.

MV: Xa para rematar, podería compartir coas lectoras e lectores de 'Galicia 21' os seus proxectos literarios máis inmediatos?

XQ: Teño en proxecto un libro que leva por título 55. Consta precisamente de 55 relatos para celebrar o meu aniversario. Sairá en Xerais, cando eu teña 56 por problemas de axenda, mais iso soluciónase cun limiar que constitúe o relato 56. Logo está a tradución da versión de *City of Glass*, de Paul Auster, que en banda deseñada fixeran Paul Karasak e David Mazzucchelli, e que está a preparar Fausto Isorna para El Patito Editorial. Teño unha novela de *interiors* case rematada e estou comezando cunha aventura que esta vez me levará á Amazonia interior, alí onde se encontran Perú, Colombia e Bolivia. Hai máis, por descontado, malia que aínda estean en etapas iniciais de produción e daquela non sei se sairán ou non, mais estes catro proxectos que citei de seguro que van ben encamiñados.

